



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 11 DE MAIO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00020364K.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: ESTACION AUTOBUSES 2021.

Proposta a xunta de goberno encargando á empresa TUSSA a xestión da explotación da estación de autobuses integrada na estación intermodal.

Acórdase:

Primeiro. ENCARGAR á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA), na súa condición de medio propio personificado e servizo técnico respecto do Concello de Santiago (artigo 2º dos seus Estatutos), a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, nos termos e coas condicións recollidas na Resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de 17 de febreiro de 2021 pola que se outorga a concesión de dominio público en favor do Concello de Santiago de Compostela, sobre os terreos e instalacións da Estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na Estación intermodal situados na rúa Clara Campoamor, o convenio formalizado ao respecto e os seus anexos.

O encargo ao medio propio TUSSA concrétase nos seguintes termos:

A) Obxecto do encargo: Posta en servizo e xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, incluso a pasarela peonil de conexión, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, e que figura anexo a este título concesional segundo convenio asinado e os seus anexos. As prestacións obxecto deste encargo son as recollidas no apartado 3 do prego de prescricións técnicas do proxecto de explotación que se anexa, e, en concreto:

a) Xestión do servizo correspondente á estación.

- A estación ten por obxecto concentrar nela os servizos de chegada, saída e tránsito de autobuses de liñas regulares de transporte de viaxeiros, equipaxes e encargos por estrada.
- Os vehículos de servizo discrecional, calquera que sexa a súa clase, poderán utilizar os servizos da estación, de acordo co que establece o regulamento de explotación e aboando por iso as mesmas tarifas que os servizos regulares.

- Con carácter excepcional e logo da tramitación pertinente, poderá impoñerse a obriga de acudir á estación a determinados servizos discrecionais cuxas características o aconsellen, e sempre que a capacidade da estación o permita.

b) Xestión e explotación dos locais e garaxes existentes na estación.

c) Xestión e explotación das zonas comúns da estación.

c) Explotación publicitaria da estación.

TUSSA realizará, ao seu cargo, a dotación ou renovación do equipamento da estación que sexa necesaria, e no seu caso as obras complementarias ou de mellora que sexan precisas, para efectuar as prestacións obxecto do contrato, previa comunicación e autorización por parte do Concello de Santiago quen recabará, á súa vez, autorización do órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

Así mesmo TUSSA deberá cumprir aqueles requisitos que respecto á conservación, mantemento das instalacións, xestión da estación, se establecen nas condicións de explotación do proxecto de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre a concesión deberá ser autorizada expresamente pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e na mesma deberá cumprirse o disposto na lexislación hipotecaria.

B) Tarifas: As tarifas e os conceptos polos que TUSSA percibirá retribucións así como os prazos nos que se realizarán os pagos son os contemplados no anexo a esta proposta. (Tussa emitirá unha factura mensual ao Concello polo importe que corresponda en función das unidades producidas).

C) Prazo de execución: O encargo outorgarase por un prazo 25 anos.

O referido prazo comezará a computarse dende a formalización do encargo e unha vez asinada a acta de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor.

Unha vez finalizado o prazo do encargo, o TUSSA cesará no aproveitamento dos bens de dominio público que viñese utilizando ao amparo do encargo, poñendo todos eles a disposición do Concello de Santiago de Compostela, en perfecto estado de conservación e funcionamento.

Igualmente, rematado o prazo do encargo, todas aquelas instalacións e medios complementarios executados por TUSSA para a debida explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, reverterán ao Concello de Santiago de Compostela en perfecto estado de conservación e serán recibidos gratuitamente e libres de cargas e gravames. Co obxecto de garantir o bo estado dos bens obxecto de reversión o Concello de Santiago de Compostela, seis (6) meses antes de que venza o termo para o remate do encargo o Concello de Santiago de Compostela realizará unha inspección na estación de autobuses e notificará ao Concello de Santiago de Compostela as actuacións que debe realizar, de ser necesarias, para que se poidan entregar os bens nas condicións expresadas.

D) Control e seguimento do encargo: Designase como responsable municipal do encargo ao servizo de mobilidade e seguridade . A modificación do encargo procederá por causas de interese público, sempre que se justifique que con dita modificación o encargo se realiza de forma máis eficaz e eficiente. Calquera modificación deberá ser previamente fiscalizada e autorizada polo Concello de Santiago de Compostela.

E) Contratación con terceiros: TUSSA poderá contratar con terceiros, en execución do encargo e sen exceder do 50% da contía do encargo, a xestión dos servizos auxiliares e instrumentais nos termos do artigo 32.7 da LCSP quedando os arrendatarios de ditos servizos complementarios obrigados ante o TUSSA.

Contra a formalización do encargo ao medio propio cabe interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

Segundo. Aprobar e dispoñer o gasto necesario para a financiación do encargo que ascende ao máximo de 76.407,30 euros para a anualidade 2021. Para as anualidades sucesivas estímase un importe de 101.876,41 euros cuxa financiación supeditase á existencia de crédito orzamentario suficiente.

3. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020335S.

Proposta para a convocatoria de postos de venda ambulante de artesanía en Santiago de Compostela .

Acórdase:

PRIMEIRO. Establecer as seguintes ubicacións e número de postos para o desenvolvemento da actividade de venda de artesanía en postos desmontables na vía pública:

Praza da Inmaculada: 17 postos, Praza Salvador Parga:7 postos, Praza San Clemente: 8 postos, Praza Fonseca: 1 posto de fotógrafo/a (proceso non automatizado)

Establécerase un sistema de rotación semanal dos postos (excepto o fotógrafo)

Datas e horarios: A actividade poderá exercerse desde as 9 ata as 21 horas diariamente no periodo do 10 de xuño ao 30 de setembro.

SEGUNDO. Aprobar as bases reguladoras para o outorgamento das autorizacións correspondentes ao exercizo da actividade de venda de artesanía en postos desmontables na vía pública e iniciar o procedemento para a expedición das citadas autorizacións.

4. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020318K.

Proposta para a convocatoria de adxudicación de postos de venda ambulante de temporada en Santiago de Compostela.

Acórdase:

PRIMEIRO. Establecer as seguintes ubicacións para o desenvolvemento da actividade de venda ambulante de temporada de xeados, castañas e recordos ou souvenirs: Porta Faxeira, Praza do Toural, Cantón do Toural, Praza de Cervantes, Praza da Inmaculada, Alameda, Praza Roxa, Hórreo, Xoan XXIII e Dársena de Xoan XXIII.

SEGUNDO. Aprobar o número de postos de venda en cada emplazamento e os horarios da actividade:

Xeados e castañas: Un posto na Porta Faxeira, un posto na Praza do Toural, un posto no Cantón do Toural, un posto na Praza de Cervantes, un posto na Alameda, un posto na Praza Roxa, un posto no Hórreo, segundo plano anexo.

Recordos ou souvenirs: catro postos en Xoan XXIII, un posto na dársena de Xoan XXIII, seis postos na Praza da Inmaculada, segundo plano anexo.

Establécerase un sistema de rotación nas diferentes ubicacións.

Datas e horarios: A actividade poderá exercerse desde as 9 ata as 21 horas diariamente.

POSTOS DE TEMPORADA DE CASTAÑAS do 1 de novembro ao 31 de marzo.

POSTOS DE TEMPORADA DE XEADOS: do 1 de abril ao 31 de outubro.

POSTOS RECORDOS: do 15 de marzo ao 31 de outubro.

TERCEIRO: Aprobar as bases reguladoras para o outorgamento das autorizacións correspondentes ao exercizo da actividade de venda ambulante de temporada e iniciar o procedemento para a expedición das citadas autorizacións.

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011309M.

Desestimación autorización posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos arriba expostos.

6. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011317J.

Desestimación de autorización de instalación de posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

7. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011322H.

Desestimacion autorizacion de instalacion de posto de venda ambulante na contorna da catedral.

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011326E.

Desestimacion posto de venda ambulante de xeados e castañas

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de xeados e castañas na Porta Faxeira en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos, especialmente o relativo á esixencia da previa convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva nos termos establecidos no artigo 9.1. e 9.2 do Regulamento municipal de venda ambulante”

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011334F.

Desestimacion instalacion posto de venda ambulante de castañas e xeados

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de xeados e castañas na Alameda e na Praza do Toural en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos, especialmente o relativo á esixencia da previa convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva nos termos establecidos no artigo 9.1 e 9.2 do Regulamento municipal de venda ambulante.

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00012376Z.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral.

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos arriba expostos.

11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00012385T.

Desestimacion posto de venda ambulante de recordos na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

12. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011265F.

Desestimacion de autorizacion de posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos na contorna da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011271J.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos na contorna da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011275V.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos na contorna da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011279K.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos na contorna da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011288F.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante de recordos na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011295Z.

Desestimacion autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral.

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011304T.

Desestimacion de autorizacion posto de venda ambulante na contorna da catedral

Desestímase a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante de recordos no entorno da Catedral de Santiago en atención ao razoado nos fundamentos xurídicos expostos.

19. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018167D.

Bases reguladoras da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2021.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2021.

2. Autorizar o gasto de 100.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4790100 e o gasto de 454.992,90 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4790101 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural. O texto desta convocatoria e a tramitación do expediente cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa de aplicación e coas bases de execución do orzamento municipal de Santiago de Compostela para o exercicio de 2021.

A convocatoria terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021, sempre e cando as solicitudes cumpran con todas as cláusulas contidas nas bases. As actividades obxecto de subvención deberán ter como data de celebración as comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 24 de outubro de 2021.

As entidades que poden obter subvención son as persoas físicas ou xurídicas dedicadas profesionalmente á produción de actividades culturais e artísticas.

A convocatoria establece que as actividades subvencionables son todas aquelas que teñan un carácter cultural, que se executen dentro do termo municipal de Santiago e que sexan abertas o público. Non poderán ser subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos.

Os gastos elixibles serán aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras, en particular: programación (por exemplo: cachés), persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade ou gastos xerais. Non poderán ser obxecto de subvención os gastos

derivados da adquisicións de bens inventariables nin os que correspondan a actividades ou servizos que non estean directamente relacionados coas actividades subvencionadas.

O importe máximo da subvención para cada actividade será do 80 % do seu orzamento cun límite máximo de 35.000 €.

O período de solicitude será de un mes, contado a partir da data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

O prazo de xustificación da subvención será o comprendido entre o 1 e o 29 de outubro de 2021.